



iii CUMPLIMOS UN AÑO !!!


Herald



Toupeiras



ano II nº 7 O BOLETÍN INDEPENDENTE DO EMPREGADO PÚBLICO Novembro de 2008



ANXIBAL

DELANTE

Dancing  
Quin

DENTRO



Economías

para-lel@s

DETRÁS

## DOS CHIRINGUITOS E CORDEIROS



de "servizos esenciais". Algo que, lonxe de cumprirse, se materializa en dous **grandes monstruos** – e non son os únicos: **SEAGA** e o **Consortio Galego de Servizos Sociais**. Ambas solucións que, sendo equivocadas no seu fondo e forma, supoñen un incremento millonario do custo orzamentario: directivos, estruturas, infraestructuras, persoal e pagos de favores que non ten razón de ser. Esto, como non podía ser doutro modo, nos leva a unha soa reflexión: A grande farsa das promesas do programa electoral do BNG.

Facendo unha comparativa dos orzamentos, antes e despois da externalización, pódese constatar, sen medo a equivocación, que o incremento do gasto é expoñencial. Pero, por si acaso esta mala xestión e derroche dos fondos públicos non fora suficiente para defraudar ao pobo galego, e xa facendo da mala xestión pública un uso habitual, son as formas de contratación dos traballadores de a pé (os obreiros) o exemplo máis pragmático das formas a seguir por un goberno nacionalista e, que se fai chamar, de esquerdas: Empresas públicas onde os contratos se fan en precario; empresas onde a figura do convenio colectivo é algo tan lonxano que ninguén se atreve a mencionar; empresas onde se nega a posibilidade da presenza da representación sindical... Empresas nas que, formando parte do entramado administrativo-político da Xunta de Galicia, as condicións laborais están máis que alonxadas das que lle correspondería pola realización de traballos similares e en idénticas condicións na propia Xunta de Galicia.

Máis do 40 % do orzamento da Xunta de Galicia se xestiona a través da Administración Paralela: os "chiringuitos" do goberno. Un 40% do orzamento da Xunta de Galicia e, así o veñen denunciando os medios de comunicación, que supón un gasto desorbitado e inmoral; inmoral, sobre todo, cando se fan públicos os soldos millonarios dos seus directivos. Soldos millonarios nun momento no que a meirande parte dos empregados públicos teñen que facer números para chegar a fin de mes.

Unha das grandes promesas electorais do BNG, un dos puntos fortes do seu programa, foi precisamente, a de limitar ao máximo a externalización da xestión

Pero con todo, podemos comprender, que non xustificar, ao goberno no seu ánimo de, a través destes chiringos, colocar aos seus simpatizantes, afiliados e demais familia, así como de establecer unha rede de voto cautivo e agradecido. Pero o que non comprendemos e o silencio perenne das organizacións sindicais que tamén se fan chamar de esquerdas: CIGA, UXT e CC.OO. E logo, ¿será esto o que chaman "o silencio dos cordeiros"?

# EL COCHE FANTASTIQUÍÑO

STARRING: Emilio Pérez Touriño



Fuente: Trucarro

## IGUALDAD, MERITO Y CAPACIDAD

### CSIF DENUNCIA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA TRABALLAR COMO ORIENTADORES LABORAIS NAS OFICINAS DE EMPREGO

No momento actual, no que se está a producir un aumento da tasa de desemprego ata niveis escandalosos provocado pola crise económica que estamos a sufrir, e cando todas as entidades que traballan polo emprego están a contratar persoal cualificado para favorecer a recolocación das persoas desempregadas á maior brevidade posible, atopámonos con que a Consellería de Traballo contrata para traballar como Orientadores nas Oficinas do Servizo Público de Emprego a 114 persoas sen a formación nin a cualificación axeitadas para levar a cabo os Itinerarios de Inserción dos desempregados.

Continuando coas súas grandes ideas, a Consellería de Traballo elaborou un Plan de Formación para este persoal que contén 10 horas de Formación en Orientación, e non podemos evitar preguntarnos ¿Poden estes traballadores levar a cabo Itinerarios de Inserción cos demandantes de emprego con "tan ampla formación" en Orientación?


Con este mesmo argumento ¿non estaría igualmente capacitado cada demandante de emprego con esa mesma formación para elaborar o seu propio Itinerario?

Señores da Consellería de Traballo, a ver se decatan dunha vez de que o Orientador non é persoal administrativo, senon persoal técnico especializado.

Os cidadáns cuestiónanse ¿Por qué a Consellería contrata persoal administrativo cando a norma de contratación require persoal orientador? e ¿Por qué a Consellería esixe ós seus Centros Colaboradores a contratación de persoal cualificado para traballar como Orientador e logo eles na súa casa non cumpren esa norma?

¿Qué é o que realmente lle interesa á Consellería de Traballo, unha atención de calidade ós cidadáns ou usar os fondos destinados ó servizo de orientación para ninguén sabe qué...?

por **Bieito Raposeira**



**The yellow submarine**

And our friends are all on board  
many more of them live next door



== Pincha aquí y enciende tus altavoces ==

## A DESVERGOÑA XA TEN NOME PROPIO

Si Samuel Johnson dicía que o nacionalismo é o último refuxio dos bribóns, extrapolando esta afirmación á Comunidade Autónoma de Galicia se podería afirmar que o nacional-socialismo (coalición dun goberno nacionalista e outro socialista) é a última guarida dos desvergonzados.

A Consellería de Presidencia, que dirixe Xosé Lois Mendez Romeu, mantendo a súa grande prioridade en materia de Emprego Público, a de arranxar a situación económica dos altos cargos, volve a sorprender a propios e estranos cunha novedosa e orixinal proposta, única en todo o conxunto das Administracións do Estado.

Despois de aprobar un Plus VITALICIO para os Altos Cargos, que supón, en algúns casos, unha cantidade anual de 15.000 euros, agora busca unha “nova fórmula” tamén para os altos cargos. Unha fórmula que segundo a Directora Xeral da Función Pública, MariMar Rodríguez Fernández, permita indemnizar a este “traballadores” no momento do seu cese. Como di a flamante directora, si non existe unha indemnización por despido, haberá que creala.

Pero si grave é que unha Directora Xeral de Función Pública confunda o despido dun obreiro co cese dun alto cargo da Xunta, máis grave é a pretensión de tomadura de pelo ao pobo galego que subiace debaixo destas afirmacións: Nas Administracións Públicas os altos cargos noméanse por decreto e césanse por decreto, son cargos voluntarios e políticos. E como tales postos políticos non están afectos a ningún dereito económico por cese na súa actividade. É máis, levando as cousas ao outro extremo e sendo tamén orixinais, poderíase propor que algúns destes Altos Cargos indemnizasen ao pobo galego unha vez cesados, dadas as desfeitas cometidas no exercicio do seu cargo.

Esta orixinal proposta da Directora contrasta, sen embargo, coa constante negativa, xustificada pola falta de recursos económicos, de dotar aos empregados públicos dun Fondo de Acción Social medianamente razoable e dun Fondo de Pensións, como xa existen noutras Administracións Públicas. Por non falar xa do máis que xusto incremento retributivo para recuperar á perda constante do poder retributivo dos empregados públicos: A Xunta de Galicia é a segunda Comunidade Autónoma, pola cola, que peor paga aos seus empregados do conxunto das Administracións Públicas.

¿E será que a proposta da Directora ten algo que ver coa proximidade das eleccións galegas?

Pero por si isto non fora pouca cousa, poucos días antes o flagrante Director Xeral de Planificación e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda, o Ilustrado (que non Ilustrísimo) D. José Colino Sueiras, cuestiona nunhas bochornosas declaracións, realizadas nun perfecto Español, o actual modelo de funcionariado da Xunta, porque los empleados públicos, según sus palabras “hagan lo que hagan, cobran lo mismo a final de mes. Gana lo mismo el que no da ni golpe que el funcionario más eficiente... Si eso es una Administración eficaz que venga Díos y lo vea” (sic).

Ditas declaracións foron efectuadas, por certo, nunhas Xornadas organizadas pola Fundación 10 de Marzo, vinculada ao sindicato CC.OO. Sindicato que escoltou semellante aberración sen pestanear.

O máis curioso é que, según parece, a nosa Ilustrada figura, D. José Colino Sueiras, cada 15 días abandona e desatende as funcións propias do seu cargo, cargo sufragado por todos os galegos, incluídos eses vagos funcionarios que non dan golpe, para adicarse aos seus asuntos privados en Murcia.

¿Será este o exemplo que toma como referencia a tamén Ilustrada Directora de Función Pública para xustificar a “indemnización por despido”?

¡Joder, que tropa!, que diría el Conde de Romanones

*por Karl Aymerik Von Mendel*  
(Genetik Professor)

**Si quieres recibir el Herald Toupeiras en versión digital envíanos un correo a [csif.servizoscentrais@xunta.es](mailto:csif.servizoscentrais@xunta.es) indicanos tú mail particular o de trabajo**

# EMILIO I “EL GRANDE”



Todos os países teñen contado ao longo da súa historia con algún personaxe relevante que ten pasado á posteridade por facer cousas moi importantes, chegándose a converter moitas veces nun icono ou mito que permanece na memoria colectiva dos seus cidadáns.

Aquí en Galicia tamén ten eclosionado unha estrela, ese superman que estabamos esperando tódolos galegos/as, esa choiva de maio en tempo de sequía, apodado Emilio I el Grande de Galicia (¿OU GALIZA?), tamén coñecido co sobrenome de ¡trasformator!, por se-lo artífice da mais importante mutación que endexamais coñeceu a nosa Galicia nos derradeiros dous mil anos, todo elo coa axuda e asesoramento do xurisconsulto, dese paradigma de home de Estado desaproveitado para a cousa pública, chamado Pepiño Blanco o de Palas, o Adenauer Galego!

Xa apuntaba a grandes cambios e transformacións cando tomou posesión do seu cargo como Presidente da Xunta.. Aínda lembramos como transformou o seu despacho presidencial, a residencia de Monte Pío e os coches dos que tanto se falou nestes días, amosando unha lixeireza moi progresista de como xestionar os cartos de todos os galegos. .No díxome díxome oíanse voces que exclamaban,¡ se esto o fan o primer ano que tocan moqueta, que non farán se matéñense no goberno moitos anos.! Os sicoanalistas chamábanlle a esta rumoroloxía, fantasmas del pasado.

Continuou coa transformación na organización interna da Administración autonómica incrementando considerablemente, en contra do prometido, o número de churinguitos, oficinas electorais no extranxeiro, altos cargos, asesores e libre designacións, polo que xa entón vislumbrábase unha xestión de futuro presidida pola austeridade e o rigor no manexo dos fondos públicos.

A súa estela pronto foi seguida por outros consellerios, tanto do seu partido como dos seus socios de goberno, que non querendo ser menos, emprenderon grandes transformacións materiais nos seus talleres e equipamentos de traballo ¡todo a lo grande!. Aínda non esquezimos o aterraxe do noso inefable Quin, quitando a súa camisa irmandiña e adoptando un porte de novo rico burgués que, con esa sonrisa de perenne extase, reclamaba non ser menos neste festín de dispendios . Tiñan moi claro cales eran as prioridades de progreso do noso país (MAIS BEN SEU), e por iso entendieron que antes de empezar a traballar tiñan que se equipar ben.

Hoxe, cando teñen transcurrido máis de tres anos dende que tomaron o poder, e as portas dunhas eleccións, todos os galegos e galegas seguen anonados/as polas grandes realizacións materiais e transformacións emprendidas polo noso presidente Emilio I el Grande eo seu goberno, as cales nin siquiera deixan indiferentes a tódolos visitantes que vindo de fora pásmanse por todo o que se ten feito neste período: estradas, autoestradas, portos, aeroportos, viaductos, acueductos, oleoductos, gaseoductos, camiños de ferro, novas instalacións de empresas...en Portugal, o AVE, que despois dos dimes e diretes, da nosa entrañable Maleni xa non e coñecido co nome de tren de Alta Velocidade, senon que agora significa AVErigua cando vai chegar a Galicia. A xente tolea ao seu paso, emociónase e aclamao ao berro de ¡ transformator!, ¡transformator!.

por



# ABC.es Una mujer da a luz en el AVE Málaga-Madrid. Un nacimiento de Madrid , Miércoles, 24-09-08

## Herald Toupeiras

Santiago, Lunes, 24/11/2028

Ngema bombom la joven senegalesa nacida en el AVE Málaga-Madrid hace 20 años, a su llegada hoy a Galicia en el **viaje inaugural** del Ave a esta comunidad.



Foto: Cedida por la Asociación de Maletillas Ferroviarios Jubilados

## DIXOME DIXOME:

**Dixome que** non temos para pan... e abrimos sedes polo mundo !!!!! Algúns dirán que é un cumprimento das promesas do PSDG, pero ¿non creen que nestes momentos de crise o que menos necesitamos son "embaixadas polo mundo"? Sentados no despilfarro e desgobierno o PSDG felicítase porque ábrese unha nova delegación en Montevideo. Non será dabondo a merca da supersede da Fundación Galicia-Europa?, non será suficiente o gasto da delegación da Sra. Porteiro? :Ó seu abultado salario debemos sumar a compra do local, o persoal alí destacado e as "representacións" institucionais que realiza, recibindo e agasallando ós amigos, membros de goberno, alcaldes, asociacións...Non sería máis lóxico é sinxelo (= menos custoso), unha delegación para os dous países? Polo menos nestes momentos de crise o goberno debería diferenciar ó necesario do importante e non redundar en máis gastos sempre que poida cubrir as necesidades. Eso claro está si o que realmente se oculta detrás dunha iniciativa como esta non fora pagar favores, aleixar competidores ou comprar as eleccións.

**Dixome** ¿Qué extraño motivo, razón o fundamento hay para que después de romper el bilingüismo armónico tradicional de Galicia, que diferenciaba a este pueblo del resto de las nacionalidades históricas, y de tratar de imponer el monolingüismo en todos los ámbitos de la sociedad gallega, la CRTVG emita el "Telexornal" por el canal internacional íntegramente en español? ¿Será el canal de la TVG que se reserva Touriño para poder entender las noticias de Galicia? Capaz que sí y por eso promete "no follarse" a los gallegos de la diáspora ("Prometo que non vos follarei". Touriño dixit en Argentina)

**Dixome que** La Conselleira de Sanidad es inspectora y eso imprime carácter. Y en previsión del tiempo político que se avecina y sus posibles consecuencias ha conseguido, que los inspectores vean igualado su estatus con el resto de profesionales que ya disfrutaban de carrera profesional, cobrando, a toca teja desde ya, en concepto de productividad. ¡Como tiene que ser, barriendo para casa!

**Dixome que** hay algún Jefe de Servicio que no olvido el glamour de la lucha política y pretende aplicarla a sus subordinados creando una atmosfera de crispación insostenible. Es el caso de la socialista y ex-concejar del Ayuntamiento de Orense, y actualmente Jefa en Deportes, quien no dudo en aplicar la manu militari entre sus sufridos funcionarios

**Dixome que** achégase o tempo do San Martiño, e dona Ánxela quixo ter a súa festa particular. Así, adiantándose uns días, decidiu acabar có Secretario Xeral, Carlos Amoedo, quen a estaba a amolar desde fai tempo. A Conselleira, que empezou a legislatura sendo a estrela do branco e negro deste goberno bi-partido, está a rematala máis en negro que en branco. Non se entende este cese máis que no eido escuro do poder e, sabedora de que está vivindo os seus últimos días ó fronte da Consellería, preferiu "morrer matando". Motivos para facelo antes tivo de sobra, pois a ninguén se lle escapa que a xestión da Consellería é unha desfeita: só basta mirar cántos expedientes con anormalidades se tramitaron nestes tres anos: convalidacións en Consello, contratacións de persoal irregulares, vulneración da lei de contratos, da de procedemento administrativo.... algo disparatado e sangrante, o que ninguén lle pon freo.

O peor é que o responsable, Sr. Amoedo, como el mesmo presume, mesmo ante xuíces, é catedrático de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña... polo que non debería de ser descoñecedor de todas e cada unha das leis que no seu paso pola Consellería de Cultura e Deporte saltouse á toreira/touriñeira. ¿cal será o aprendizaxe dos alumnos de dereito da UdC cun profesor coma este?



Fuente: Mojo-Cochon

O millor deste cese: que quen con tanta arrogancia chegou á Secretaría Xeral, e o persoal da mesma pode dar fe, probou a súa propia medicina sendo cesado como nos tempos de Paco: sen previo aviso, non si Sr. Quintana?.

O desexo que algúns máis vaian polo mesmo camiño, pois o dano que están facendo á Galicia/Galiza é moi grande. Aproveiten Conselleiros que inda estamos no tempo do San Martiño para desfacerse deses chupópteros non xestores e si comisarios de partido que desacertadamente puxeron nas cadeiras do goberno galego: secretario xeral de innovación, director xeral de turismo, xerente do Xacobeo, director xeral de xuventude....

**Dixome** ¿Qué extraño motivo, razón o fundamento tendrá la señora Directora de Función Pública para que, a pesar de los incansables intentos por parte de CSIF para que los opositores que aspiran a un empleo en la Administración de la Xunta puedan estar presentes en la revisión de sus exámenes y para que los Tribunales motiven la anulación de la preguntas, ella se oponga con uñas y dientes? ¿Será acaso en aras del principio de transparencia? ¿O lo será para no perder su "independencia" si fuera necesario favorecer a algún opositor concreto?. Todo ello con **el silencio de los corderos**: Ciga, CC.OO y UGT.

**Dime Ti: [h.toupeiras@gmail.com](mailto:h.toupeiras@gmail.com) - NECESITAMOS VUESTRA COLABORACIÓN**

## DE DESAGRAVIOS Y AGRADECIMIENTOS:

### DESAGRAVIOS:

El pasado mes de Junio con motivo de unas supuestas, pero nunca desmentidas, negociaciones entre la Directora de Función Pública y un representante del mayor grupo privado de Centro de Estudios de España con sucursales en Galicia, cuya actividad principal es la formación de opositores y siendo el motivo de la reunión la planificación de la OEP 2008, al margen de las Organizaciones Sindicales y de la forma que mejor favoreciese los intereses económicos del citado grupo privado, CSI-CSIF editó un especial Herald Toupeiras haciendo públicas tales supuestas negociaciones.

En dicho número especial se hacía mención expresa, con nombre propio y apellidos, a la Jefa de Servicio de Selección, como participante de dicha reunión. E ahí nuestro error. CSI-CSIF, por regla general y salvo excepciones justificadas, fue y será siempre contrario a personalizar las denuncias de las malas prácticas de la Administración en sus empleados públicos. Empleados que, por circunstancias coyunturales, despeñen en un momento concreto uno u otro puesto en la Administración, sea de libre designación o no, toda vez que somos conscientes de que no son ellos los responsables de la mala política a seguir y, en consecuencia, ni son co-responsables ni co-participes de dichas malas actuaciones. Son, sencillamente, empleados públicos que desempeñan su trabajo de la mejor manera posible limitándose a seguir los criterios marcados por los órganos de dirección políticos. Estos sí son y serán nuestro punto de mira y el objeto de nuestras críticas.

Desde estas páginas, y dado que el agravio en su día ha sido público, queremos también disculparnos públicamente con nuestra compañera. Máxime cuando su profesionalidad está más que contrastada y alejada de toda sospecha. Desde aquí, Susi, te expresamos nuestras más sinceras disculpas y nuestro máximo

respeto como verdadera profesional que eres de esta Administración. Hemos cometido un error y así lo reconocemos públicamente.

### XAN E PERILLAN

### AGRADECIMIENTOS:

Dicen que de bien nacidos es ser agradecidos y nosotros somos ambas cosas.

Desde que el 19 de abril de 2007 la Sección Sindical de los SS.CC. de CSI-CSIF \* inició una nueva andadura en defensa de los intereses colectivos de los empleados públicos de la Xunta, nuestra labor ha sido recogida y elogiada en repetidas ocasiones en la publicación de nuestros camaradas y amigos del sindicato dependiente de Quintanta, la CIGA. Siempre, y en cada una de las ocasiones, de un modo totalmente altruista y sin pedir nada a cambio. Si bien es cierto que esta práctica de generosidad desinteresada ha decaído en intensidad en sus últimas publicaciones (intensidad que echamos en falta), es también de justicia mostrar públicamente nuestro agradecimiento hacia nuestros compañeros de esta más que apreciada, aunque decaída, organización por su reconocimiento expreso hacia nuestra labor sindical. Desde aquí, a modo de agradecimiento y siendo conocedores de sus denotados intentos por modernizar su revista siguiendo el patrón instaurado por El Herald Toupeiras, reiteramos nuestro ofrecimiento, ya hecho personalmente, por poner a su disposición nuestros medios materiales y humanos.

**\*CSI-CSIF es la segunda fuerza sindical con mayor representación en la Mesa Sectorial de Negociación de funcionarios en el ámbito de la Xunta de Galicia, por encima de CC.OO y UXT**

### PERILLAN E XAN

DANCING QUIN

«PULSA PARA VER EL VIDEO»


-- enciende los altavoces --

Residencia de la 3ª edad Volta do Castro: Presentada por Anxo Quintana como un Centro VIP: Un solo baño geriátrico para 150 personas asistidas; los residentes no caben en el comedor y comen en sillas de ruedas en los pasillos; 125 trabajadores para atender a 147 residentes a turnos (media de 4 auxiliares de enfermería por planta), etc. Pero mientras nuestros mayores son hacinados en las residencias... En el BNG comienza la fiesta



Foto: Crisis?What Crisis?

# ECONOMIAS PARA-LEL@S



Fuente: **Economy for Dummies**

## SOLBES

Solbes malvendió en 2007 un tercio del oro español, antes de que subiera hasta un 40% su valor.

Solbes asegura que "No hay crisis", hay una desaceleración significativa.

Solbes dice que si la recesión sirve para limpiar la economía y remontar la situación, no tiene la mayor importancia.

Solbes afirma que hay un exceso de preocupación por la crisis ya que hay ciudadanos a quienes no le ha afectado.

Solbes comenta que la situación actual es muy cómoda y que el problema de las hipotecas con riesgo no existe en España

Solbes esta harto y agotado de oír tonterías sobre el mundo económico. Afirma que lo menos que puede decirse ahora es que estamos lejos de la recesión tanto en 2008 como en 2009.

Solbes asegura que España tiene un superávit suficiente para afrontar la desaceleración 04/08

Solbes consideró «admisible» llegar a un déficit en las cuentas públicas del 3% del Producto Interior Bruto, Domingo, 09-11-08

## TOURIÑO

-Touriño dice que Galicia está más preparada y es menos vulnerable

-El paro subió en Galicia en el mes de octubre por encima de la media del conjunto de España

-Touriño arranca con una reivindicación de la "muscultura" económica de Galicia

-Galicia es la segunda comunidad autónoma en la que cierran más empresas

-Touriño dice que los gallegos podrán salir de la crisis "mejor equipados"

-Después de gastar 2 millones de euros en la reforma de su despacho y 480.000 euros en su coche

-Touriño, transmitió a los empresarios gallegos que la economía gallega "tiene un plus de resistencia" ante la crisis

-La crisis se ceba en los autónomos gallegos y provoca 10 quiebras diarias

-Quintana propone crear un instituto gallego de crédito para hacer frente a la crisis (domingo, 9 de noviembre)

- Touriño I descalifica a Quintana por proponer un instituto de crédito (martes, 11 de noviembre)

-Touriño II rectifica y afirma que comparte con el Bloque la idea de crear un instituto de crédito (jueves, 13 de noviembre)

-Touriño III rectifica y rechaza el instituto de crédito del BNG por desfasado (viernes, 14 de noviembre)

**Y para rematar ZP a Sarkozy " Tout ce que tu me demandes, je te le donne", narra 'Le Figaro'**

Fuente: **ep europa press** **La Voz de Galicia.es** **EL PAÍS.COM** **ELOMUNDO ABC**

Nota del Editor: Para estar mejor informados sugerimos al lector la lectura del artículo titulado " La Fiesta ha terminado en España" publicado por el periódico " The Economist"

 **CSI-CSIF** [www.csi-csif.es](http://www.csi-csif.es)  
Central Sindical Independiente y de Funcionarios

**[www.toupeiras.blogspot.com](http://www.toupeiras.blogspot.com)** [h.toupeiras@gmail.com](mailto:h.toupeiras@gmail.com)

Edificio Administrativo San Caetano - locais sindicais - Santiago de Compostela - 981545989